A LAREIRA I

- Derivada de **Lararia** . Altar doméstico do deus Lar.
- A primitiva lareira era un chanto enriba do cal se acendía o lume.
- As que se conservan hoxe no Caurel son máis evolucionadas.
- Están construídas no andar da casa, onde o chan son taboleiros de madeira enriba de vigas.
- A lareira é un cadrado feito con laxas de pedra en vertical (calzada) que por debaixo levan unha grosa capa de barro que serve de illante térmico, evitando que a calor incendiase as vigas, despois levan un grande chanto de pizarra e por debaixo unhas táboas apoiadas nas vigas.
- As lareiras non son todas iguais. Unhas quedan a rentes do chan e están dispostas en función do espazo do que dispuña a cociña, nun lado ou no centro. Outras un pouco máis altas para que o servizo do lume sexa máis cómodo. Outras teñen un abultamento no medio, quizais para evitar o desgaste.

A LAREIRA II

- **O tres pés** era unha peza triangular de ferro con tres puntos de apoio, onde poñían as olas e as tixolas ó lume.
- Imprescindible na lareira é **O Morillo**, un cabalete de ferro moi traballado sobre o cal se apoiaban os troncos e así facilitar a súa combustión. Tiñan tamén uns ganchos onde penduraban os utensilios do fogar e unha grande cazoleta onde colocaban as cuncas.
- **O Burro**, era un pau vertical que xiraba sobre si mesmo, con outro horizontal e un pequeño transversal que reforzaba a unión dos anteriores. Este trebello xiraba sobre si mesmo describindo un arco por enriba da lareira e del penduraba unha rexa cadea de ferro con gancho onde penduraban o pote, o caldeiro, o tixolo (no Caurel chámase **Cachela**, que non morran as verbas caurelás) ou o tambor de asa-las castañas; estou a falar da **Gramalleira**. Outros burros tiñan un trebello máis evolucionado a xeito de torno para regula-la altura.

A LAREIRA III



A LAREIRA IV